

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 28 de novembro de 2023 pola que se redistribúen e minoran os créditos orzamentarios por epígrafes recollidas na Resolución do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas, para o ano 2023, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2021-2027 (código de procedemento IN417Y).

Mediante a Resolución do 21 de abril de 2023, que foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) número 86, do 5 de maio, establecéronse as bases reguladoras e anunciouse a convocatoria de subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas, para o ano 2023, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027.

O artigo 3.1 das bases reguladoras prevé a posibilidade de redistribuír o orzamento se nalgunha das epígrafes non se rexistraron solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles e noutra das epígrafes existe listaxe de espera. O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 15 de setembro sen que se rexistraran solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles nas epígrafes correspondentes a peme (PAPEME) e a infraestruturas públicas (PAP) e, non obstante, non se dispón de dispoñibilidade orzamentaria suficiente nas epígrafes correspondentes a grande empresa (PAGE) nin no de pemes e grandes empresas que reduzan as emisións de GEO en, polo menos, un 30 % (PAE).

O artigo 31 do Decreto 11/2009, establece que cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Por todo o anterior, e dado que nas aplicacións orzamentarias correspondentes existe crédito dispoñible e coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recurso públicos, maximizando o impulso de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas,

RESOLVO:

Primeiro. Modificar o crédito destinado ás subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas, para o ano 2023, cofinanciadas polo Fon-



do Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027, redistribuíndose da seguinte maneira:

Dotación orzamentaria inicial:

Distribución por liña de axuda	Orzamento 2023 (€)	Orzamento 2024 (€)	Total (€)
PAPEME-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en pemes	1.000.000,00	2.000.000,00	3.000.000,00
PAGE-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en grandes empresas	500.000,00	1.000.000,00	1.500.000,00
PAE-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en pemes ou grandes empresas que reduzan as emisións de GEI en, polo menos, un 30 %	500.000,00	1.000.000,00	1.500.000,00
PAP-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en infraestruturas públicas	1.000.000,00	500.000,00	1.500.000,00
	3.000.000,00	4.500.000,00	7.500.000,00

Modificación orzamentaria:

Distribución por liña de axuda	Orzamento 2023 (€)	Orzamento 2024 (€)	Total (€)
PAPEME-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en pemes	-600.000,00	-1.100.000,00	-1.700.000,00
PAGE-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en grandes empresas	500.000,00	0,00	500.000,00
PAE-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en pemes ou grandes empresas que reduzan as emisións de GEI en, polo menos, un 30 %	250.000,00	0,00	250.000,00
PAP-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en infraestruturas públicas	-950.000,00	-500.000,00	-1.450.000,00
	-800.000,00	-1.600.000,00	-2.400.000,00

Dotación orzamentaria final:

Distribución por liña de axuda	Orzamento 2023 (€)	Orzamento 2024 (€)	Total (€)
PAPEME-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en pemes	400.000,00	900.000,00	1.300.000,00
PAGE-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en grandes empresas	1.000.000,00	1.000.000,00	2.000.000,00
PAE-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en pemes ou grandes empresas que reduzan as emisións de GEI en, polo menos, un 30 %	750.000,00	1.000.000,00	1.750.000,00
PAP-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en infraestruturas públicas	50.000,00	0,00	50.000,00
	2.200.000,00	2.900.000,00	5.100.000,00



Segundo. A presente modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará a modificación do prazo establecido para presentar solicitudes.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2023

Pablo Fernández Vila
Director do Instituto Enerxético de Galicia

